

## O noso horto escolar

Este ano, grazas á colaboración de Ciudad Ciencia, montaremos o noso propio horto.

Temos pensado poñelo nun terreo apartado pero que pertence ao colexio e que está nun edificio anexo que linda coa rúa Real, centro neurálico do noso pobo, Cangas. Exploramos o lugar e decidimos tamén onde vai estar a compostadora na que a partires de xaneiro empezaremos a depositar os residuos orgánicos. Nas fotos pódese observar como está actualmente ese espazo, pero xa encargamos unas táboas para facer un valado e dentro del botaremos terra de carballo.



Aquí estará o noso horto. Xa veredes que cambio!!



Aquí colocaremos a compostadora

Onete, 16 de decembro, recibimos o material que precisamos para empezar con noso horto:

- **Termómetro para a compostaxe.** Serve para medir a temperatura que ten o compost. ( Na 1<sup>a</sup> fase ten que estar a unha temperatura de entre 50° e 80° C. Na 2<sup>a</sup> fase a 40°).
- **Aireador de compost.** Serve para revolver o compost para que a este éntrelle aire e estea aireado.
- **Compostadora.** Utilízase para enchela de microorganismos e residuos orgánicos e é onde se forma o compost.
- **Acelerador da compostaxe.** Utilízase para optimizar o proceso de descomposición. Son residuos orgánicos e microorganismos.



Alumnos e alumnas de quinto e sexto de E. Primaria do  
CEIP NAZARET de Cangas do Morrazo, Pontevedra.